

A Cova das Letras

presenta

A Gata con zocos



Comedia musical

Cristina Collazo

Anxo García

Manuel Paino

A Compañía



A Cova das Letras é unha compañía teatral que nace no ano 2013 na Bandeira da man de Cristina Collazo. Trátase dun proxecto cuxo carácter é fundamentalmente social, rural e conciliador. Un espazo de creación e investigación que se materializa na creación de espectáculos para tódolos públicos que levan como marca propia a reivindicación da figura feminina e o apoio a lingua e cultura galega. Te tal xeito naceron, O circo dos contos, A Fotógrafa ou Mariñeiras. Para estes proxectos, contouse coa colaboración multidisciplinar de profesionais procedentes tamén do ámbito rural dezano, coma o trompetista Manuel Paino, a frautista Beatriz Rodríguez ou a fotógrafa Pilar Abades, así mesmo coa artista ribeirense Sonia García.

Mais A Cova das Letras leva a cabo unha labor teatreira e titiriteira polas aldeas e lugares do Deza. Dende a súa creación, un dos seus obxectivos foi espallar a semente do teatro ás zonas rurais, centrándose sobre todo nas crianzas. E así é como tras catro anos de intenso traballo hai máis de cinco grupos de teatro infantís espallados pola comarca e un grupo de adultos, Medias Verdes Teatro, que dende a súa fundación non deixa de producir e crear mesmo un Festival Rural de Teatro, que xa conta coa súa terceira edición.

A Gata con zocos

Sinopse

Trátase dunha comedia musical na que se revisa o conto tradicional O gato con botas. Recuperando a figura orixinal da gata, o Herdeiro recibe do seu finado pai un circo en bancarrota. As artistas e músicas do mesmo abandónano e Don Casio reclama as súas débedas. Mais a minina, máxica por calzaren uns zocos, converterá ó herdeiro no Marqués de Carabás...e así, enfeitizadas, as músicas e artistas regresan e a débeda será anulada! MIAU

Con esta teima, Anxo García, Manuel Paino e Cristina Collazo, crean un proxecto onde a literatura oral, os títeres e a música teñan cabida. De tal xeito, A gata con zocos é un espectáculo pensado para ser acompañado con banda de música popular e dirixido a tódolos públicos. Con estas premisas e contando coa longa traxectoria profesional de Anxo (pertencente á reputada compañía Viravolta Títeres), os coñecementos musicais, tanto en materia da composición coma na dirección de Manuel Paino e baixo a dirección de Cristina Collazo, gañamos a subvención á produción escénica da AGADIC.

Nace así A gata con zocos, pequeno musical tinguído de humor, música e reivindicación da figura feminina. Neste proceso quixemos contar novamente con Pilar Abades no eido da fotografía e vídeo, con La Canalla para o vestuario escénico e como non, con Elena Ferro para a creación dos maravillosos zocos.



Elenco artístico



CRISTINA COLLAZO



ANXO GARCÍA



MANUEL PAINO

Equipo técnico

DIRECCIÓN E GUIÓN: CRISTINA COLLAZO

AXUDANTÍA DE DIRECCIÓN: MARIA PEINADO

ATREZZO E TÍTERES: ANXO GARCÍA

VESTIARIO: LA CANALLA

MÚSICAS: MANUEL PAINO

TÉCNICO DE LUCES E SON: FIDEL VÁZQUEZ

ZOCOS: ELENA FERRO

FOTOGRAFÍA E VÍDEO: PILAR ABADES



Fotografías









**A Gata con zOCOS
2018**

Contacto

Cristina Collazo 646 38 33 05